



CONCELLO DE
A FONSAGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tlfno: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

ARGELIO FERNÁNDEZ QUEIROPO (1 de 1)
ALCALDE
Fecha Firma: 27/07/2018
HASH: 50c8f15de4ff53f921b4f8db721bc80e

DECRETO DE ALCALDÍA N° /2018

Vista a necesidade de aprobar polo Concello as directrices sobre a consulta pública previa no procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais do Concello da Fonsagrada.

Visto o artigo 133.1 da lei 89/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administraciós Públicas.

Á Vista do anterior exposto, esta Alcaldía, en exercicio das competencias legalmente atribuídas polos artigos 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 61 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, VEÑO EN RESOLVER:

PRIMEIRO: Aprobar as directrices sobre a consulta pública previa no procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais do Concello da Fonsagrada, que de seguido se recollen:

DIRECTRICES SOBRE A CONSULTA PÚBLICA PREVIA NO PROCEDIMENTO DE ELABORACIÓN DAS ORDENANZAS E REGULAMENTOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DA FONSAGRADA.

1. Obxecto
2. Ámbito de aplicación
3. Competencia
4. Contido da consulta pública previa
5. Prazo e destinatarios
6. Estrutura do punto de acceso para a consulta pública previa
7. Desenvolvemento da consulta pública previa
8. Datos persoais e comunicacíons electrónicas

1. Obxecto.

1.1. As presentes directrices teñen por obxecto incorporar a consulta pública previa no procedemento para a elaboración das ordenanzas e regulamentos provinciais.

1.2. Con carácter previo á redacción do texto dunha ordenanza ou regulamento municipal, formularase unha consulta pública a través do portal web <http://afonsagrada.org> na que se solicitará a opinión da cidadanía e das organizacións mais representativas potencialmente afectadas pola futura ordenanza ou regulamento, nos termos establecidos no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administraciós Públicas.



Cód. Validación: A6HXK3WXS4AZSND3DP57ZER Verificación: <http://concellalfonsagrada.sedelectronica.es/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 1 de 4



CONCELLO DE
A FONSAGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tlfno: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

2. Ámbito de aplicación.

2.1. A consulta pública será esixible con carácter previo á redacción do texto dos proxectos de ordenanzas e regulamentos municipais.

2.2. Quedarán excluídas do trámite de consulta públicas as iniciativas para a aprobación de ordenanzas e regulamentos municipais de carácter orzamentario ou organizativos.

2.3. Poderá prescindirse do trámite da consulta pública nos seguintes casos:

a) Cando existan razóns graves de interese público que así o xustifiquen.

b) Cando a iniciativa normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia.

3. Competencia.

3.1. Correspondrá ao Pleno, a proposta da Alcaldía, acordar o sometemento a consulta pública das ordenanzas e regulamentos municipais.

3.2. Naqueles casos nos que concorra algúm dos supostos contemplados no punto 2.3, a proposta conjunta poderá solicitar ao Pleno que non se someta unha determinada iniciativa normativa a consulta pública previa, xustificando de xeito motivado a súa solicitude.

3.3. A apreciación destas circunstancias corresponderá ao Pleno que resolverá sobre si procede ou non a excepción.

4. Contido da consulta pública previa.

4.1. A proposta conjunta, para o sometemento a consulta previa da iniciativa normativa, conterá como mínimo os seguintes puntos:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa
- b) As posibles solucións alternativas regulamentarias e non regulamentarias
- c) A necesidade e oportunidade da súa aprobación
- d) Os obxectivos da norma

4.2. Co obxecto de que os destinatarios da futura norma podan manifestarse sobre os aspectos sinalados no punto 4.1, a proposta conterá unha descripción clara e concisa dos mesmos, na que se incluirá toda a información e documentación precisa. Así mesmo, a proposta poderá engadir calquera outra información que se considera relevante para a consulta.

4.3. O contido da consulta pública previa a que se refiren os puntos 4.1 e 4.2, deberá formar parte do expediente que se remita ao Pleno na que se pretenda solicitar a consulta para a iniciativa normativa.





CONCELLO DE
A FONSAGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tlfno: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

5. Prazo e destinatarios.

5.1. O prazo para a consulta pública de cada iniciativa será dun máximo de 10 días naturais, podendo ser acordado polo Pleno un prazo superior.

5.2. Con carácter xeral os destinatarios da consulta pública serán persoas físicas maiores de 16 anos empadroadas no Concello da Fonsagrada, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

5.3. Excepcionalmente a proposta poderá recoller a necesidade motivada de que o criterio establecido no punto 5.2 poda ser ampliado ou restrinxido. Correspondrá ao Pleno resolver se procede a excepción e, en consecuencia, a aplicación dun criterio distinto ao xeralmente establecido para a realización das consultas previas.

5.4. Unha vez rematado este prazo, o punto de acceso ao portal web <http://afonsagrada.org> cerrará a posibilidade de recibir novas opinións, se ben o contido seguirá estando dispoñible no portal web.

6. Estrutura do punto de acceso para a consulta pública previa.

6.1. O espazo do portal web <http://afonsagrada.org> dedicado á consulta pública previa recollerá un listado das iniciativas normativas nas que se encontre aberto este trámite, co título e a data na que remata o prazo de consulta.

6.2. O punto de acceso para a consulta pública previa contará cun buscador dos proxectos normativos sometidos a consulta pública, tanto daqueles que teñan aberto o seu prazo de consulta, como daqueles para os que o trámite xa rematara.

7. Desenvolvemento da consulta pública previa.

7.1. No portal web <http://afonsagrada.org> figurará en lugar visible un punto de acceso para a consulta pública previa, del tal xeito que se facilite a participación da cidadanía no procedemento de elaboración da ordenanza ou regulamento municipal.

7.2. A tales efectos figurará en dito portal o acordo aprobado polo Pleno e a información prevista nos puntos 4.1 y 4.2, así como as indicacións necesarias para o uso da canle que permita á cidadanía manifestar a súa opinión sobre a iniciativa normativa.

7.3. Unha vez rematado o período de consulta previa a Alcaldía achegará, no prazo de 10 días hábiles, o resultado da consulta á Xunta de Goberno Local, con indicación do número de participantes, número de opinións emitidas e un resumo das principais opinións manifestadas.



Cód. Validación: A6HXK3W5X4AZSSNNDP57ZR | Verificación: <http://concellalfonsagrada.sedelectronica.es/>
Documento firmado electronicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 3 de 4



CONCELLO DE
A FONSAGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tlfno: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

8. Datos persoais e comunicacións electrónicas.

8.1. O portal web <http://afonsagrada.org> disporá das medidas precisas para garantir a protección dos datos persoais das persoas físicas que queiran intervir na consulta pública previa nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal.

8.2. O portal web <http://afonsagrada.org> disporá das medidas precisas para garantir que as comunicacións electrónicas realizadas durante a tramitación da consulta pública previa posibiliten a constancia da transmisión e recepción das comunicacións.

A Fonsagrada, 24 de xullo de 2018

O Alcalde

Documento asinado dixitalmente á marxe

Argelio Fernández Queipo



Cód. Validación: 546HX3KVSX4ZS6ND3DP57ZR | Verificación: <http://concelloafonsagrada.sedelectronica.es/>
Página 4 de 4
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona |